



MEMORIA
DE ACTIVIDADES DESENVOLTAS
NO CAMPUS DE LUGO
DENDE O PROGRAMA
“A PONTE ENTRE O ENSINO MEDIO E A USC”

Curso 2014-2015

FRANCISCO JAVIER LÓPEZ GONZÁLEZ
Coordinador do Programa A Ponte no Campus de Lugo

No mes de outubro de 2014 o profesor Francisco Javier López González foi nomeado polo Reitor da USC como Coordinador do Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC” no Campus de Lugo, atendendo así unha demanda deste Campus da Universidade de Santiago, que viña reclamando esta figura especificamente para contribuir dun xeito máis directo e próximo á difusión das titulacións que nel se desenvolven.

Aínda que este profesor e outros moitos do Campus lucense viñan colaborando hai tempo neste Programa dirixido dende Santiago, o certo é que unha aproximación a Lugo desta iniciativa foi ben recibida, máxime cando o descenso do alumnado nos últimos cursos está a poñer en perigo a continuidade de moitas das titulacións existentes.

Na actualidade, o alumnado de Secundaria ten no Campus de Lugo unha oferta de 15 títulos de Grao, de practicamente todas as grandes Áreas (exceptuando as Ciencias), que constitúe unha importante aposta da Universidade de Santiago de Compostela nesta cidade.

Coa finalidade de dar a coñecer esta realidade, tanto de titulacións como de infraestruturas e equipamentos, e en estreita colaboración coa coordinación do Programa en Santiago, da man do Delegado do Reitor para o Ensino Medio Luis Hervella e co importante apoio e experiencia do PAS adscrito a este Programa, durante o curso 2014-15 leváronse a cabo unha serie de actividades que se reflicten nesta Memoria.

1.- VISITAS AOS CENTROS DE SECUNDARIA DA PROVINCIA DE LUGO:

Coa finalidade de dar a coñecer a oferta universitaria do Campus lucense e comprobar de primeira man este coñecemento nos diferentes Centros de Secundaria, o Coordinador do Programa A Ponte en Lugo visitou todos e cada un dos centros desta provincia, públicos e privados, nos que se imparte ensino medio (ESO, BAC e CF).

Concretamente foron visitados 53 centros públicos e 16 privados, ademais de 9 das provincias de A Coruña e Ourense coa mesma finalidade (ver ANEXO-I).

Estas visitas leváronse a cabo entre outubro de 2014 e marzo de 2015, preferentemente no ano 2014, e consistiron basicamente nunha pequena entrevista con alguén do equipo directivo (maioritariamente o director ou directora) e tamén cos equipos de orientación nalgúns casos. Tratábase de darse a coñecer como coordinador do Programa, ofrecer actividades e visitas ao Campus para coñecelo mellor, e tantear a información que se tiña nos centros sobre a presenza da USC en Lugo. Púidose comprobar que o descoñecemento era moi amplo, e xa só por iso, as visitas pagaron a pena.

A recepción sempre foi moi cordial, e en moitos casos, diríase que serviu para abrir novas canles de comunicación e achegar un pouco máis a USC a estes centros. A visita foi especialmente agradecida nos centros pequenos e distantes, onde non están afeitos a que se lembren deles.

2.- OFERTA DE CHARLAS TEMÁTICAS DENDE O CAMPUS DE LUGO:

Na liña do traballado o curso pasado dende o Programa A Ponte en Santiago, neste tamén se fixo unha importante oferta de charlas temáticas, tanto por parte do profesorado do Campus de Santiago como do profesorado do Campus de Lugo.

A relación de charlas a ofrecer aos centros de secundaria sobre multitude de temas propostos polo profesorado da USC foi elaborada polo PAS en Santiago, a partir das achegas recibidas dende ambos Campus. Nunha primeira convocatoria, ofrecéronse unhas 100 charlas diferentes, das que 30 viñan do profesorado do Campus de Lugo (ver ANEXO-II).

Estas charlas tiveron, unha vez máis, unha boa acollida por parte dos centros de secundaria de toda Galicia (case 450 solicitudes, das que 55 eran para charlas ofertadas dende Lugo), que ven como expertos da USC sobre variados temas se achegan desinteresadamente a eles para impartir relatorios de moito interese para o seu alumnado. A contextualización dos temas tratados nunhos estudos e nunha determinada escola ou facultade permite facer unha importante difusión das nosas titulacións entre este alumnado.

Tras o éxito dunha primeira convocatoria, e tendo en conta que aínda quedaban algunhas charlas que non completaran o seu cupo de oferta, fíxose unha segunda oferta de 55 charlas, superando as 20 propostas dende Lugo, que recibiu máis de 70 novas solicitudes.

3.- CHARLAS XENÉRICAS SOBRE A USC ATENDIDAS DENDE O CAMPUS DE LUGO:

Como en anos anteriores, ofreceuse á totalidade dos centros de Secundaria de Galicia a posibilidade de solicitar unha charla xenérica sobre a USC, impartida por profesorado (e PAS) desta Universidade.

Do algo máis do centenar de solicitudes recibidas en Santiago, dende o Campus de Lugo atendéronse un total de 33 por parte do seguinte profesorado (ver ANEXO-III):

Fco. Javier López (EPS) = 19
Carlos Herrero (Fac. Ciencias) = 4
Jacobó Feás (Fac. ADE) = 3
Montserrat Souto (Fac. Humanidades) = 3
Francisco R. Lestegás (Fac. Formación Profesorado) = 3
Izaskun Ibarguren (Fac. Veterinaria) = 2

Algunhas delas (12) xa foron solicitadas directamente ao Coordinador do Programa no Campus de Lugo, tras a visita realizada previamente para darse a coñecer.

Nestas 33 charlas estiveron presentes máis de 2.000 estudantes de ESO, BAC e Ciclos Formativos deses 33 centros, que coñeceron da man deste profesorado do Campus lucense aspectos relevantes da universidade en xeral e da USC en particular, con especial fincapé nas titulacións presentes no Campus de Lugo.

Asimesmo, tamén se atenderon dende este Campus, por parte do Coordinador do Programa A Ponte, 8 charlas xenéricas sobre a USC para os pais e nais dos alumnado de Secundaria solicitadas polas ANPAS ou os propios centros, cunha asistencia que superou as 150 persoas (ver ANEXO-IV). É sen dúbida un colectivo importante para estas charlas, que se deben fomentar máis nestes ámbitos pola súa incidencia.

4.- ENCONTROS NO CAMPUS DE LUGO:

No curso 2014-15 tamén se levaron a cabo os coñecidos como “Encontros no Campus de Lugo” para dar a coñecer este Campus e as súas titulacións de Grao ao alumnado de Secundaria de toda Galicia.

Desta volta convocáronse en tres datas diferentes cun mesmo programa para facilitar o acceso aos centros interesados (ver ANEXO-V), pero ao final quedou a oferta restrinxida a dúas ao non haber ningún instituto interesado na terceira opción.

Inicialmente a demanda foi máis alta do que despois se materializou, pois a participación que inicialmente se presumía de case 600 estudantes, quedouse en algo máis de 470 entre as dúas xornadas (ver ANEXO-VI). En calquera caso, practicamente duplicou o resultado da participación máis numerosa ata o momento nestas actividades, e que se deu no curso anterior. En relación co alumnado actual do Campus, participou máis dun alumno de secundaria por cada dez universitarios, algo que nunca acontecera.

O número de centros participantes, 17 nun principio, quedou ao final en 14 por mor da folga no ensino convocada na primeira xornada e das baixas ocasionadas, entre outras cousas, polo longo tempo pasado entre a solicitude e o desenvolvemento da visita na segunda xornada, que desmobilizou a parte do alumnado interesado inicialmente.

Non obstante, as dúas xornadas, que se desenvolveron seguindo un programa similar, cun acto xeral de acollida, con visitas ás escolas e facultades por itinerarios de interese manifestado polo alumnado participante, e tamén cunha visita á Biblioteca Intercentros (ver ANEXO-VII), foron exitosas e cumpriron os obxectivos que inicialmente se marcaron. Esta é a conclusión que se pode sacar á vista do recollido nas enquisas que foron cubertas a posteriori dende os equipos de orientación dos centros participantes (ver ANEXO-VIII).

5.- ENQUISA AO ALUMNADO DE PRIMEIRO:

Cara ao final do curso, realizouse unha enquisa ao alumnado de primeiro por primeira vez nos 15 Graos do Campus, para coñecer diferentes aspectos relacionados coa súa decisión de estudar a súa titulación e facelo en Lugo. Pretendíase ter unha información máis directa das motivacións e impresións deste alumnado para ver sobre que aspectos sería bo incidir nos próximos cursos de cara a lograr unha maior matrícula no Campus de Lugo.

O certo é que a participación foi alta ao ir o Coordinador do Programa A Ponte persoalmente aula por aula solicitando a participación do alumnado. De feito xuntáronse case 400 enquisas dunha poboación de 741 individuos, pero tamén é verdade que foi moi desigual nas diferentes titulacións. Ao facerse nas últimas semanas do curso, nalgúns casos, a asistencia xa era moi reducida, e iso fixo que a participación se vira moi afectada nalgunhas titulacións, xa de por si, con pouco alumnado.

En calquera caso, aí están os resultados acadados (ver ANEXO-IX) e da súa lectura pódense sacar algunhas conclusións interesantes.

Valga como exemplo significativo que practicamente o 90% dos enquisados recomendarían Lugo aos seus amigos e coñecidos para estudar na universidade, e iso é un dato que hai que difundir. Como o feito de que tres de cada catro estén satisfeitos ou moi satisfeitos coa cidade de Lugo que os acolle, a pesar do visión negativa que ten esta cidade como pouco atractiva para o estudantado.

6.- OUTRAS ACTIVIDADES:

A maiores das sinaladas anteriormente, houbo tamén algunhas actuacións puntuais que contribuíron á difusión da realidade do Campus de Lugo entre o alumnado e o profesorado de ensino medio.

Valga como exemplo do primeiro caso a visita do alumnado do Ciclo Formativo de Grao Superior de Química Industrial do Instituto Marqués de Sargadelos de San Cibrao á Facultade de Ciencias, ou do segundo, a charla impartida polo Coordinador do Programa A Ponte a uns 35 profesores de Secundaria na Xornada “Xuvenciencia”, promovida polo grupo Divulgo da USC, sobre o Espazo Europeo de Educación Superior.

ANEXO - I

Visitas aos Centros de Ensino Medio da provincia de Lugo

Data	Centro	Localidade
30/10/2014	IES Sanxillao	Lugo
03/11/2014	CIFP Politécnico	Lugo
	IES Leiras Pulpeiro	Lugo
04/11/2014	CPI de Castroverde	Catroverde
	IES Fontem Albei	A Fonsagrada
	IES Enrique Muruais	A Pontenova
	IES Dionisio Gamallo	Ribadeo
05/11/2014	IES Muralla Romana	Lugo
	IES Anxel Fole	Lugo
	IES Xoán Montes	Lugo
06/11/2014	IES Vilar Ponte	Viveiro
	IES María Sarmiento	Viveiro
	IES Illa de Sarón	Xove
	IES Marqués de Sargadelos	San Cibrao (Cervo)
	IES Alfoz-Valadouro	Alfoz
	IES San Rosendo	Mondoñedo
07/11/2014	IES do Camiño	Palas de Rei
	IES de Monterroso	Monterroso
	CPI San Tomé	Taboada
	IES Lama das Quendas	Chantada
	IES Val do Asma	Chantada
	CPI Dr. López Suárez	Escairón
	CPI Tino Grandío	Guntín
11/11/2014	CIFP Porta da Auga	Ribadeo
	IES Monte Castelo	Burela
	IES Perdouro	Burela
	IES de Foz	Foz
14/11/2014	IES Lucus Augusti	Lugo
19/11/2014	IES Virxe dos Ollos Grandes	Lugo
20/11/2014	IES Xograr Afonso Gómez	Sarria
	IES Gregorio Fernández	Sarria
	CPI Ramón Piñeiro	A Pobra de San Xiao (Láncara)
21/11/2014	CPI Dr. López Suárez	Friol
	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz
	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba
	IES Lois Peña Novo	Vilalba
	IES Río Miño	Rábade
24/11/2014	CIFP As Mercedes	Lugo
26/11/2014	IES Rio Cabe	Monforte de Lemos
	IES Francisco Daviña Rey	Monforte de Lemos
	IES A Pinguela	Monforte de Lemos
	IES de Quiroga	Quiroga
	CPI Poeta Uxío Novoneira	Seoane do Courel
	CPI Uxío Novoneira	Pedrafita do Cebreiro

27/11/2014	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo	Castro de Ribeiras de Lea
	CPI Virxe do Monte	Cospeito
	IES Fonmiñá	A Pastoriza
	IES Pedregal de Irimia	Meira
01/12/2014	CPI Luis Díaz Moreno	Baralla
	IES de Becerreá	Becerreá
	CFEA Alta Montaña	Becerreá
	CPI de Cervantes	Cervantes
	CPI Dr. Daniel Monje	Navia de Suarna

Outros centros de fora da provincia de Lugo:

12/11/2014	IES Breamo	Pontedeume
17/11/2014	IES de Melide	Melide
17/11/2014	IES de Arzúa	Arzúa
28/11/2014	IES Otero Pedrayo	Ourense
12/01/2015	IES Lauro Olmo	O Barco
30/01/2015	IES Xulián Magariños	Negreira
20/02/2015	IES Cosme López Rodríguez	A Rúa
05/03/2015	IES Castro da Uz	As Pontes
16/03/2015	IES Cabo Ortegal	Cariño

*Outros centros **privados** da provincia de Lugo:*

24/11/2014	CPR PP Franciscanos	Lugo
26/11/2014	CPR PP Escolapios	Monforte de Lemos
26/11/2014	CPR Ferroviario	Monforte de Lemos
28/11/2014	CPR Fundación Ed. Torre de Lemos	Monforte de Lemos
01/12/2014	CPR La Merced	Sarria
01/12/2014	CPR Ntra. Sra. de la Asunción	Sarria
10/12/2014	CPR Fingoi	Lugo
10/12/2014	CPR GALÉN	Lugo
11/12/2014	CPR Martínez Otero	Foz
11/12/2014	CPR Ntra. Sra. del Pilar	Foz
11/12/2014	CPR Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo
15/12/2014	CPR Divino Maestro	Lugo
16/12/2014	CPR Divina Pastora	Lugo
16/12/2014	CPR La Inmaculada	Lugo
16/12/2014	CPR San José	Lugo
17/12/2014	CPR María Auxiliadora	Lugo

ANEXO - II

CHARLAS TEMÁTICAS PARA ALUMNOS DE 1º - 2º DE BACHARELATO e CICLOS FORMATIVOS SUPERIORES

Fichas proposta Charlas Temáticas curso 2014/2015 - CAMPUS LUGO

Apellidos	Nome	Título charla		Facultad/Centro
Neira Gómez	Isabel	Emprendemento e Innovación	Aproximación conceptual. Bases para emprender no mundo empresarial. Perfil do emprendedor/equipo: Quen é? . Idéa/innovación: Como Xorde?. A avaliación da idea e desenvolvemento dun Plan de Negocio. A contorna no que se desenvolve un proxecto	Administración e Dirección de Empresas - Lugo
Fraga López	Francisco	Os plásticos e a nanotecnoloxía na sociedade actual	Nas charlas coméntanse a utilización dos plásticos na sociedade actual, incidindo en todos os sectores produtivos onde se atopan. Coméntanse algunhas das súas propiedades e cal é o futuro dos mesmos. Tamén se introduce ao alumno na nanotecnoloxía e nas súas últimas aplicacións.	Ciencias - Lugo
Cabaleiro Sobrino	Cristina	"Aliens" ó servizo dos agricultores: parásitos e parasitoides de insectos praga	A partir da coñecida historia e película de "Alien, o oitavo pasaxeiro", faise un percorrido por algúns casos de parasitismo no mundo animal para chegar á utilización práctica de parasitoides para o control biolóxico de pragas agrícolas tan importantes como as moscas brancas, os pulgóns, polillas, escaravellos, etc. tanto en agricultura ecolóxica como na produción Integrada	Escola Politécnica Superior - Lugo
Carra Vilarriño	Emilio V.	Os bosques: usos e valores	A importancia da conservación da diversidade biolóxica para o ser humano. O exemplo dos bosques como subministradores de bens esenciais para a sociedade. As ameazas para a conservación de ditos bens básicos e as estratexias de explotación sustentábel dos recursos naturais	Escola Politécnica Superior - Lugo
Giménez de Azcárate	Joaquín	Paisaxes culturais e conservación da biodiversidade: o caso da Ruta Huichol polos sitios sacros naturais	Preséntanse os avances e logros alcanzados na iniciativa para o rescate e conservación do itinerario cultural e as súas paisaxes asociadas, seguindo os postulados sobre conservación, desenvolvemento sustentable e defensa de dereitos e cultura indíxenas	Escola Politécnica Superior - Lugo
López González	Francisco Javier	Leonardo da Vinci: A representación gráfica das súas ideas	Pode considerarse a Leonardo da Vinci (1542-1519) como o verdadeiro precursor do sentido moderno do debuxo técnico e do deseño. Nesta charla faise unha introdución ao debuxo técnico, tomando a figura de Leonardo e a súa curiosa e extraordinaria obra como punto de partida desta disciplina.	Escola Politécnica Superior - Lugo

Núñez Temes	Carlos	Máis aló da construción de obra pública na Enxeñaría Civil	"Nos últimos tempos a enxeñaría civil e o sector da construción é máis recoñecido polas autovías sen coches e os aeroportos sen avións que por ser unha profesión ao servizo da sociedade e do progreso. Multitude de xestos cotiás son posibles grazas á enxeñaría civil: desprazarse ao traballo, abrir unha billa, a xestión dos residuos, etc."	Escola Politécnica Superior - Lugo
Núñez Temes	Carlos	A xeotecnía ou o porqué (normalmente) non se caen as estruturas	"A xeotecnía é unha disciplina pouco coñecida da enxeñaría civil, pero que resulta fundamental porque todas as construcións modifican o terreo orixinal. Apoiándose na física, nas matemáticas e na química pretende explicar o comportamento dos solos cando cimentamos unha ponte, construímos unha estrutura de contención ou escavamos un noiro ou un túnel."	Escola Politécnica Superior - Lugo
Ortiz Sanz	Juan	A arquitectura popular	A charla e sobre as características das construcións rurais tradicionais y os seus tipos (casas, palleiras, hórreos, alpendres, etc.). Falarase de como investigacións feitas nas construcións rurais tradicionais de todo o mundo están a permitir resolver problemas da enxeñaría e a construción modernas: impacto ambiental da construción, resistencia aos seísmos, eficiencia enerxética, etc.	Escola Politécnica Superior - Lugo
Ortiz Sanz	Juan	Modelado 3D de obxectos reais por xóvenes escolares	Na charla falarase sobre a elaboración de modelos 3D de obxectos reais, que son figuras virtuais tridimensionais, a escala, que representan fielmente a realidade e que se empregan en multitude de campos (medicina, veterinaria, urbanismo, arquitectura, moda, automoción, aeroespacial, motos, videoxogos, deportes, conservación do patrimonio, accesibilidade e moitos máis). Xa constitúen unha potente ferramenta de rexistro de información utilizada por moitos escolares, universitarios e profesionais de todo tipo, en todo o mundo. Sen dúbida ningunha, esta técnica difundirase nos próximos anos entre a poboación igual que o fixeron no seu día a fotografía e vídeo. Falarase, entón, das ferramentas gratuitas existentes na actualidade para modelado 3D a partir de fotos tomadas con calquer móbil, o que permite xa a calquer alumno modelar en 3D o que desexa.	Escola Politécnica Superior - Lugo
Rigueiro Rodríguez	Antonio	Bosques galegos e árbores senlleiras	Describiremos, apoiándonos en fotografías, os principais bosques naturais (carballeiras, bidueirais, faiais, abraedos, cerqueirais, aciñeirais, sobreirais, louredos, acebedas, herbedais, ameneirais...) e artificiais (soutos de castiñeiros, piñeirais, eucaliptais) de Galicia. En canto ás árbores senlleiras explicaranse os criterios de catalogación, a normativa galega ao respecto, a distribución en Galicia dos monumentos vexetais máis importantes, as especies que aportan máis árbores senlleiras... todo iso acompañado de material gráfico. Farase especial referencia aos bosques e ás árbores monumentais do entorno dos centros nos que se imparta a charla.	Escola Politécnica Superior - Lugo

Rodríguez López	M ^a Teresa	Produccións alternativas do agro galego: Helicultura, lumbricultura e apicultura	Nesta charla falarase sobre o cultivo ou a cría de caracol de terra, miñoca e abella, como unha alternativa produtiva do noso agro, para a obtención de distintos produtos comercializáveis	Escola Politécnica Superior - Lugo
Rodríguez López	M ^a Teresa	Diversidade e conservación	Nesta charla defínese a diversidade e explícase o motivo da súa importancia para os humanos así como o importante que é conservala. Fálase do seu valor, de todo o que nos aporta, así como das súas ameazas	Escola Politécnica Superior - Lugo
Rodríguez Pereña	Jaime	Enxeñaría en Xeomática e Topografía: a enxeñaría da enxeñaría	Enxeñaría en Xeomática e Topografía: a enxeñaría das enxeñarías, a charla consistiría en dar a coñecer o Grao en Enxeñaría Xeomática e Topografía, así como as súas aplicacións laborais.	Escola Politécnica Superior - Lugo
Rodríguez Rodríguez	Manuel Ramiro	Aforro e eficiencia enerxética no día a día	Dar unha pincelada das distintas actividades que teñen lugar no noso día a día na casa, no centro de traballo ou de estudio, etc. e de como podemos facer estas actividades máis eficientes desde o punto de vista enerxético, tanto no consumo eléctrico como de outros combustibles e fontes de enerxía.	Escola Politécnica Superior - Lugo
Ruiz González	Ana Daria	O combate dos incendios forestais	Trataríase de dar unha visión xeral aos alumnos do problema dos incendios forestais, das súas causas, dos seus efectos e dos recursos que hai para previlos e combatalos	Escola Politécnica Superior - Lugo
Vila Lameiro	Pablo	Árbores e a súa madeira: Berce da vida e da cultura	As árbores e a madeira foron, xunto coa terra e a auga, elementos básicos para poder satisfacer as necesidades de cobixo e alimentación para o ser humano, así como un vehículo de expresión artística. Coa evolución das culturas, a súa importancia foi mudando, pero sempre foron moi importantes na sociedade. Nesta exposición recórrase de maneira breve como a madeira (sacada das árbores) axudou á humanidade nesa evolución, de xeito que non se podería entender a súa historia sen a presenza da madeira en diferentes formas.	Escola Politécnica Superior - Lugo
Ferreira Díaz	M ^a José	Comunicación terapéutica	Se non sabemos comunicarnos e establecer unha eficaz relación de axuda cos nosos pacientes Como imos coidar deles ? A comunicación terapéutica é unha metodoloxía de traballo, como profesionais da saúde debemos de ter en conta os aspectos psicolóxicos, culturais, sociais e familiares dos nosos pacientes co único obxectivo de converter a súa enfermidade nun reto, mellorando situacións problemáticas, atopando recursos persoais e desenvolvendo ante unha nova situación de "dependencia" o sentido da súa vida.	Escola Univ. Enfermaría- Lugo

Rodríguez Pérez	Isidoro	A profesión de coidar, a leducia de servir	A profesión enfermería é unha das máis antigas da humanidade. No momento actual a disciplina profesional, está diferenciada do resto das profesións sanitarias. A nivel académico é un grao. Profesionalmente desenvólvense varias especialidades. As funcións da enfermería desenvólvense baixo catro parágrafos: asistencial, docente, investigador e xestión/administración. Sen coidados de saúde non existiría a humanidade.	Escola Univ. Enfermaría- Lugo
Platas Ferreiro	Mª Lidia	Observar para ensinar	Descríbanse nesta charla as distintas formas de observar (observación participante, non participante, directa, indirecta, etc..) dende a perspectiva do profesorado e de cómo isto pode mellorar a tarefa de ensino	Formación del Profesorado- Lugo
Platas Ferreiro	Mª Lidia	Bo observador, bo profesor	Trataremos de describir habilidades que potencien a comunicación non verbal (ou tamén chamada analóxica) nas relacións profesor-alumno e profesor-pais/nais, como poden ser: expresións faciais, xestos, posturas corporais, distancias, etc	Formación del Profesorado- Lugo
Baliñas Pérez	Carlos	Os viquingos en Galicia	“Entre os séculos IX e XI o grande inimigo exterior dos galegos foron os incursores escandinavos (non os “mouros”, como se pensa decote). A ameaza dos homes do Norte marcou a paisaxe, a vida cotiá e a mentalidade de Galicia con resultados que chegan ata hoxe en día. Porén, trátase dunha historia moi pouco coñecida e/ou mesturada con mitos e lendas. O obxectivo desta charla é achegar ós asistentes os máis recentes estudos sobre o tema, dun xeito rigoroso e ameno	Humanidades - Lugo
Barreiro Abuín	Cristina	O cotián nas humanidades e as humanidades no cotián, un futuro laboral	Coa presente charla que imos impartir, co respaldo que acadamos traballando no Centro de Artesanía e Deseño, pretendemos amosar a visión polidrica que poden adoptar as Humanidades na nosa sociedade actual dada a súa versatilidade, adaptabilidade e funcionalidade que fan delas unha Ciencia viva, non inerte	Humanidades - Lugo
González Pereira	Miguel	Somos o que somos: animais que falan; pero por que e como aprendemos a falar?	Nesta charla presentamos algúns sistemas de comunicación animal e comentamos se a diferenza entre a linguaxe verbal dos homes e a comunicación animal debe ser entendida como gradual ou como cualitativa. Tamén damos conta dalgunhas propostas teóricas e caracterizacións sobre o proceso de adquisición da lingua durante os primeiros anos da nosa vida.	Humanidades - Lugo

Varela Zapata	Jesús	Menos é Máis: Mellorando a pronuncia en Inglés	O inglés escrito resultanos moi familiar e, nun nivel intermedio de aprendizaxe, fácil de comprender. O verdadeiro problema para alcanzar o nivel avanzado, é considerar que dominamos o idioma, sen ese sentimento de fracaso que a tantos estudantes afecta nalgún momento, reside na comunicación oral. Nesta charla abordaranse algúns aspectos da etimoloxía do inglés, en particular a diferenza entre palabras de orixe saión e latino, e as implicacións que teñen para a aprendizaxe, particularmente desde o punto de vista da fonética e a prosodia.	Humanidades - Lugo
Vilar Pumares	Leticia	Comunic-ACCIÓN	Non te creas o que din: coñece a letra pequena da comunicación. Do homo sapiens ao homo google. O que as redes sociais non nos contan (ou nin te imaxinas!)"	Humanidades - Lugo
Arias Vilas	Felipe	O impacto da investigación arqueolóxica e histórica no mundo actual	Refírese sobre todo á importancia e transcendencia que teñen en Galicia os temas relacionados con períodos determinantes no territorio como o megalitismo, a cultura castrexa ou o mundo galaico romano	Humanidades - Lugo
Arias Vilas	Felipe	A repercusión do Patrimonio Cultural na economía	Trátase de explicar como os temas patrimoniais inciden na economía actual por medio das súas actividades relacionadas, a través do turismo, de xeito indirecto nas comunidades sociais, etc.	Humanidades - Lugo
Arias Vilas	Felipe	A significación comunitaria e simbólica no patrimonio inmaterial	Reflexións sobre temas de etnografía e antropoloxía, da arqueoloxía industrial na súa vertente inmaterial, ou sobre as festas históricas e turísticas	Humanidades - Lugo
Botana López	Luis Miguel	Que é un medicamento e de donde se obtén	Charla sobre que é un medicamento, que non é un medicamento, como se obtén (plantas, etc), e que diferenzas hai entre os medicamentos de orixe natural e os de orixe artificial	Veterinaria

ANEXO - III

Visitas a Centros de Secundaria para a charla xeral sobre a USC atendidas dende Lugo

Orde	Profesor encargado	Tipo de centro	Nome centro	Localidade (Provincia)	Coordinador da visita no centro	Día	Mes	Hora	Nº aprox. alumnos	Nivel de estudos
1	Javier López	IES	RAMÓN OTERO PEDRAYO	OURENSE	BLANCO NESPEREIRA, M ^ª ISABEL	28	Novembro	10:30 ou 13:20	185 + 160	1º e 2º BAC
2	Javier López	IES	OLLOS GRANDES	LUGO	DIÁZ SANTALLA, M ^ª ELISA	17	Diciembro	13:00 a 14:15	150	1º e 2º BAC
3	Javier López	IES	LAURO OLMO	O BARCO DE VALDEORBAS (OURENSE)	HERNÁNDEZ LÓPEZ, JOSE	12	Xaneiro	12:30	60	2º BAC
4	Javier López	IES	MANQUES DE SARGADELOS	BURELA (LUGO)	SAN CIBRADO-CERVO (LUGO)	15	Xaneiro	10:50 a 11:40	24	2º BAC
5	Javier López	IES	PERDOURO	BURELA (LUGO)	LEIVA ARROJO, JOSE RAMÓN	19	Xaneiro	16:50 a 17:40	40	2º BAC
6	Javier López	IES	A PINGUELA	MONFORTE DE LEMOS (LUGO)	MENÉNDEZ LORENZO, AIDA	22	Xaneiro	10:25 a 11:15	60 + 20	2º BAC + CF Admón. e Finanzas, Sistemas Informáticos en Rede
7	Jacobo Fede	IES	BASANTA SILVA	VIALABA (LUGO)	GÓMEZ OSA, CARLOS	13	Xaneiro	11:45	130	1º e 2º BAC
8	Carlos Herrero	IES	BECKEREÁ	LUGO	CARBALLO AMBRURÉIRAS, MÓNICA	26	Xaneiro	12:00 a 12:50	40	1º e 2º BAC
9	Javier López	CPR	GALEN	LUGO	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ALVARO	26	Xaneiro	13:30 a 14:20	7	2º BAC
10	Javier López	IES	MURALLA ROMANA	LUGO	MARTA GOY (M ^ª TERESA CORRAL)	27	Xaneiro	13:30 a 14:20	38	2º BAC
11	Francisco R. Lesteigás	IES	MURALLA ROMANA	LUGO	MARTA GOY (M ^ª TERESA CORRAL)	28	Xaneiro	13:30 a 14:20	50	CF Admón. e Finanzas, Informática, Secretariado, Pel. e Estética
12	Javier López	CPR	DIVINO MAESTRO	LUGO	GONZÁLEZ CARBALLO, MÓNICA	28	Xaneiro	12:40 a 13:35	7	4º ESO
13	Francisco R. Lesteigás	IES	ALFOZ VALADOURO	ALFOZ (LUGO)	GONZÁLEZ BASANTA, M ^ª DEL CARMEN	30	Xaneiro	10:20	13	4º ESO
14	Javier López	IES	XULIAN MAGARINOS	INGREIRA (A CORUÑA)	CORTES FERRO, BEGONA	30	Xaneiro	12:45 a 13:35	45	2º BAC
15	Francisco R. Lesteigás	IES	MONTE CASTELO	BURELA (LUGO)	PÉREZ RAMOS, VICTORIA	13	Febreiro	11:30	60	2º BAC
16	Javier López	IES	COSME LÓPEZ RODRIGUEZ	A RUA (OURENSE)	PÉREZ SÁNCHEZ, BERTA	20	Febreiro	12:30	22	2º BAC
17	Izaskun Ibarjuren	IES	CAMIÑO	PALAS DE REI (LUGO)	PUCHADES TELLA-VILLAMARIN, M ^ª JESUS	25	Febreiro	11:30	38	1º e 2º BAC e 4º ESO
18	Jacobo Fede	IES	MARIA SARMIENTO	VIVERO (LUGO)	FERNÁNDEZ LÓPEZ, MANUEL	27	Febreiro	11:30 a 12:20	50	2º BAC + CF
19	Javier López	IES	CASTRO DA UZ	AS PONTES (A CORUÑA)	RODRIGUEZ DIEGUEZ, FERNANDO	5	Marzo	11:20	41	1º e 2º BAC e 4º ESO + CF de Admón. e Finanzas
20	Javier López	IES	DIONISIO GAMALLO	RIBADEO (LUGO)	SÁNCHEZ PÉREZ ANA M ^ª	9	Marzo	16:20	50-55	2º BAC
21	Javier López	IES	FRANCISCO DAVINA REY	MONFORTE DE LEMOS (LUGO)	VIANDEI QUINTANA, RAQUEL	11	Marzo	16:00 a 17:40	70	1º e 2º BAC
22	Javier López/Montse Souto	IES	PLURILINGÜE FONTEM ALBEI	A FONSAGRADA (LUGO)	CHAS RODRIGUEZ, M ^ª DOLORES	12	Marzo	11:20	42	1º e 2º BAC e 4º ESO
23	Carlos Herrero	IES	XOÁN MONTES	LUGO	SAMPEDRO AGEITOS, EVA	16	Marzo	12:00 a 12:50	50	2º BAC
24	Javier López	IES	CABO ORTEGAL	CARIÑO (A CORUÑA)	VILA PÉREZ, MARÍA CRISTINA	16	Marzo	16:50	40	1º e 2º BAC
25	Carlos Herrero	IES	ÁNHEL FOLE	LUGO	FUENTES PIS, ROBERTO	16	Marzo	16:50	40	1º e 2º BAC
26	Jacobo Fede	IES	SAN XILLAO	LUGO	FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, BEATRIZ	18	Marzo	12:00	80	2º BAC
27	Izaskun Ibarjuren	IES	GGREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA (LUGO)	RODRIGUEZ POLLÁN, MARÍA ISABEL	23	Marzo	12:35	68	2º BAC
28	Javier López	IES	LUCAS AUGUSTI	LUGO	ARIAS RODRIGUEZ, JAVIER	23	Marzo	16:00	50	1º e 2º BAC
29	Montse Souto	CPI	TINO GRANDIO	GUNTIN (LUGO)	DIÁZ SIMÓN, CARMEN	27	Marzo	10:15	158+20	2º BAC e CF
30	Montse Souto	IES	POETA DÍAZ CASTRO	GUITRIZ (LUGO)	SAMPEDRO AGEITOS, EVA	8	Abril	12:00	8	4º ESO
31	Izaskun Ibarjuren	CPR	MARIA ALEXUDORA	LUGO	GUERRERO MUÑOZ, MARÍA (REGUEIRO GARCÍA, JOSÉ)	14	Abril	15:00	30	4º ESO
32	Javier López	CPI	UXIO NOVONEYRA	PEDRAFTA (LUGO)	DEL RÍO DEL RÍO, VERÓNICA	20	Abril	12:10	79	1º e 2º BAC e 4º ESO
33	Javier López	CPI	POETA UXIO NOVONEYRA	SEGOANE DO COUREL (LUGO)	RODRIGUEZ REY, ANA MARIA	16	Abril	12:30 a 13:25	45 + 41	3º e 4º ESO
					EIRAS LÓPEZ, MARÍA CRISTINA	28	Abril	10:30	6	3º e 4º ESO
					EIRAS LÓPEZ, MARÍA CRISTINA	28	Abril	12:00	7	3º e 4º ESO

CHARLA ANULADA (a petición do Centro)

ANEXO - IV

Charlas aos colectivos de pais e nais do alumnado de Secundaria cubertas dende Lugo

Orde	Solicitante	Centro	Día	Mes	Hora	Profesor encargado
1	ANPA	IES SANTIAGO BASANTA SILVA (Vilalba)	20	Xaneiro	20:00	Javier López
2	Colexio	CPR GALEN (Lugo)	26	Xaneiro	15:00	Javier López
3	Colexio	CPR DIVINO MAESTRO (Lugo)	27	Xaneiro	16:00	Javier López
4	ANPA	IES MURALLA ROMANA (Lugo)	27	Xaneiro	20:00	Javier López
5	ANPA	IES CASTRO DA UZ (As Pontes)	5	Marzo	17:00	Javier López
6	ANPA	IES FRANCISCO DAVIÑA REY (Monforte de Lemos)	11	Marzo	19:00	Javier López
7	ANPA	IES FONTEM ALBEI	12	Marzo	17:00	Javier López
8	ANPA	IES ÁNHEL FOLE (Lugo)	22	Abril	20:00	Javier López

ANEXO - V

Lugo, 13 de xaneiro de 2015

Estimado/a director/a, orientador/a:

Ao mesmo tempo que a nosa Universidade convoca os xa coñecidos “Encontros na Zona USC” no seu Campus de Santiago, dende o de Lugo tamén queremos ofrecervos unha actividade nesta mesma liña, encamiñada a que o alumnado de ensino medio coñeza o noso Campus, achegándose a el.

Para conseguir este obxectivo, ofértanse unhas xornadas de concentración de centros de secundaria, para que o alumnado que acuda ao Campus o faga nun número suficientemente significativo, e as visitas ás facultades e escolas por parte dos interesados nas diferentes titulacións que ofrecen sexan máis eficientes.

Coa finalidade de obter unha maior participación, gustaríanos coñocer a súa dispoñibilidade, en función das súas programacións e preferencias. Así, propoñemos facer máis dunha destas xornadas, repetindo o mesmo esquema en tres datas diferentes separadas no tempo, para facilitarlles dita participación.

Concretamente, tendo en conta os periodos non lectivos e as datas de avaliación do ensino medio no presente curso, propóñense as seguintes datas para estes encontros:

- Xoves, 26 de febreiro de 2015
- Martes, 10 de marzo de 2015
- Venres, 27 de marzo de 2015

Esta convocatoria vai dirixida a todos os centros de Galicia que imparten ensino medio (IES, CPI, CPR, CIFP...), pedíndolles que, de estar interesados en participar e ser posible, indiquen unha orde de preferencia na súa elección de data (de acordo coa ficha que se adjunta). A finalidade desta petición é a de facer as tres xornadas o máis semellantes posible en canto a participación.

Coa información que nos envíen, e en función dela, prepararemos unha programación detallada pola nosa parte, que se lle facilitará aos centros de secundaria inscritos uns días antes das datas indicadas.

Sen outro particular, agradecendo a súa colaboración e interese, reciban un cordial saúdo.

O Coordinador do Programa A Ponte no Campus de Lugo


Asdo./ Fco. Javier López González

Sr. Directores/as e Orientadores/as de Centros de Ensino Medio de Galicia

ENCONTROS NO CAMPUS DE LUGO. Curso 2014-15

Xornadas para dar a coñecer o Campus de Lugo e as súas titulacións ao alumnado dos centros de Ensino Medio.

Consistirán nunha presentación conxunta do Campus e os seus servizos, para continuar despois con visitas interactivas polas diferentes facultades e escolas, en función das preferencias dos participantes.

Solicitud de participación

(enviar antes do **6 de febreiro** ao enderezo franciscojavier.lopez@usc.es):

Centro : _____

Localidade: _____

Persoa de contacto: _____

Enderezo electrónico: _____

Teléfono: _____

Datas alternativas nas que se celebrarán estes encontros (as tres, cunha programación semellante):

- Xoves, 26 de febreiro: _____
- Martes, 10 de marzo: _____
- Venres, 27 de marzo: _____

(Indicade a vosa preferencia para participar nas datas sinaladas, poñendo 1, 2 e 3. No caso de que só poidades participar nunha das datas propostas ou en dúas, poñede o número só nesa ou nesas.)

Participación previsible dende o Centro:

Número total de participantes: _____

Nivel educativo (4º ESO, 1 e 2º BAC, CFS) : _____

Distribución do alumnado do Centro nos distintos itinerarios previstos, atendidos por profesorado e alumnado da USC en cada caso, en función do seu interese:

Itinerario	Centro	Titulacións	Nº de participantes
1	Facultade de Administración e Dirección de Empresas	- Grao en Administración e Dirección de Empresas - Grao en Xestión de Pequenas e Medias Empresas	
2	Facultade de Ciencias	- Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais - Grao en Nutrición Humana e Dietética	
3	Facultade de Formación do Profesorado	- Grao en Mestre ou Mestra de Educación Infantil Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria	
4	Facultade de Humanidades	- Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural - Grao en Lingua e Literatura Españolas	
5	Facultade de Veterinaria	- Grao en Veterinaria	
6	Escola Politécnica Superior	- Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria - Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural - Grao en Enxeñaría Civil - Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	
7	Escola de Enfermaría	- Grao en Enfermaría	
8	Escola de Relacións Laborais	- Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	

Unha vez recibidas as solicitudes, e en función da demanda dos centros, elaborárase unha programación detallada dos encontros.

En calquera caso, desenvolveranse en cada xornada entre as 11:00 e as 14:30, tendo opción a quedarse a comer no Campus (menú de 5'60 euros, con petición previa por parte dos centros interesados) e a participar en actividades na cidade, que se programarán para cada tarde.

ANEXO - VI

ENCUNTROS NO CAMPUS DE LUGO

Curso 2014-15

Tipo de Centro	Nome do Centro	Localidade	Provincia	Nivel do alumnado	Nº de alumnos/as solicitantes	
					Xoves, 26 de febreiro	Venres, 27 de marzo
IES	DE MONTERROSO	MONTERROSO	LUGO	4º ESO e 1º BAC	50	
CIFP	AS MERCEDES	LUGO	LUGO	CFS	15	
CPR	SAN JOSÉ	LUGO	LUGO	1º BAC	51	
CPR	PP FRANCISCANOS	LUGO	LUGO	4º ESO	40	
CFEA	DE GUISAMO	BERGONDO	A CORUÑA	CFS	30	
IES	GREGORIO FERNÁNDEZ	SARRIA	LUGO	1º BAC	30	
CPI	LUIS DÍAZ MORENO	BARALLA	LUGO	4º ESO	8	
IES	DE BECERREÁ	BECCERREÁ	LUGO	1º BAC	24	
IES	XOGRAR AFONSO GÓMEZ	SARRIA	LUGO	2º BAC	22	
IES	CABO ORTEGAL	CARIÑO	A CORUÑA	1º e 2º BAC	40	
CPI	VIRXE DO MONTE	COSEPITO	LUGO	4º ESO	26	
IES	Nº Sª DOS OLLOS GRANDES	LUGO	LUGO	1º e 2º BAC	113	
IES	MURALLA ROMANA	LUGO	LUGO	2º BAC	21	
IES	DIONISIO GAMALLO	RIBADEO	LUGO	2º BAC	50	
